

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

Dando cumprimento ao disposto no art. 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise público que este Concello adxudicou o contrato do servizo de **“Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo”**.

1. Entidade adxudicadora:

- a. Organismo: Concello de Sanxenxo-Entidade Local.
- b. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c. Número do expediente: 4/2016
- d. Dirección de Internet do perfil do contratante: www.sanxenxo.es.

2. Obxecto do contrato:

- a. Tipo: Servizos
- b. Descrición: “Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo”.
- c. CPV: 63724310-6
- d. Medio de publicación do anuncio de licitación: BOP, DOG e perfil do contratante.
- e. Data de publicación do anuncio de licitación: BOP nº 76 de data 21/04/2016, perfil do contratante o 21/04/2014 e DOG nº 84 de data 03/05/2016.

3. Tramitación e procedemento:

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto con un único criterio de valoración, o prezo.

4. Orzamento base de licitación: Importe neto: Sinálase como orzamento máximo de licitación do contrato 66.115,70 €/ano, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a 13.884,30 €/ano e o orzamento máximo de licitación, co IVE é de 80.000,00 €/ano. **O contrato poderá ser susceptible de dúas prórrogas, de un (1) ano cada unha.** Consecuentemente, o valor estimado total do contrato e de 198.347,10 € sen IVE, o IVE ascende a 41.652,90 € e o valor estimado total do contrato incluído o IVE é de 240.000 €.


5. Adxudicación:

- a. Data: 03/06/2015.
- b. Contratista: “TRABAJOS Y MANTENIMIENTOS DE ESTRUCTURAS SUMERGIDAS SL”
- c. Importe de adxudicación: Importe neto: 44.890,00 euros/ano. IVE: 9.426,90 euros/ano (21%). Prezo total: 54.316,90 euros/ano.



SANXENXO, 14 de xuño de 2016.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita